

RESOLUCIÓN DO 18 DE OUTUBRO DE 2021, DA XERENCIA DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE, POLA QUE SE INICIA O PROCESO DE REUBICACIÓN CONTIDO NA BASE NOVENA DO VIXENTE ACORDO DE MOBILIDADE INTERNA VOLUNTARIA DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DA CORUÑA

Mediante Resolución do 10 de marzo de 2021, da Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee, convocouse procedemento de mobilidade interna voluntaria do persoal fixo das categorías de sanitario diplomado, sanitario de formación profesional e de xestión e servizos no ámbito do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña.

O Anexo I da devandita resolución contén as bases do procedemento. A Base Novena regula os criterios de saída/reubicación ou reestruturación da unidade. Nomeadamente, no punto 2 da devandita base, faise referencia á reubicación, indicándose:

“Ao persoal propietario que teña que saír dunha unidade, por mor da incorporación de persoal adxudicatario, ofertaráselle as prazas vacantes no Complexo que non estean ocupadas por persoal propietario, promoción interna temporal ou persoal con nomeamentos interinos en praza vacante ou substituto de titular con dereito a reserva de longa duración, nas que se poderá reubicar en función da antigüidade como propietario do SNS; de producirse empate, polo tempo de servizos prestados como persoal temporal (interino/eventual) e, de continuar persistindo o empate, en favor do profesional de maior idade.

Ao persoal temporal que teña que saír dunha Unidade (interino en praza vacante ou substituto de titular con dereito a reserva de praza de longa duración) ofertaráselle as vacantes no Complexo nas que se poderá reubicar en función da puntuación que ostente nese momento nas listaxes vixentes de aspirantes a vinculacións temporais da correspondente categoría.

Poderá acceder a esta reubicación o persoal con nomeamento interino en praza vacante ou substituto de titular con dereito á reserva de longa duración que leve desempeñando as súas funcións na mesma Unidade por un período mínimo de cinco anos e amose a súa vontade de saír da mesma. A súa participación seguirá, igualmente, a orde de puntuación na listaxe da categoría correspondente a aportará para ofertar na reubicación a praza ocupada.”

Mediante resolucións da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, do 21 de maio de 2021 (DOG nº 106, do 7 de xuño), procédese ao nomeamento como persoal estatutario fixo e á adxudicación de destino definitivo aos/ás aspirantes seleccionados/as no concurso-oposición para o ingreso en diversas categorías, entre elas, técnico/a en coidados auxiliares de enfermaría, enfermeiro/a especialista en enfermaría obstétrico-xinecolóxica e fisioterapeuta, convocados pola Resolución do 21 de maio de 2019.

No seo da Comisión de Mobilidade Interna acordouse que os/as profesionais que tomasen posesión como consecuencia da devandita resolución, nas categorías sinaladas no parágrafo anterior, terían a opción de acceder ao procedemento de reubicación recollido na Base Novena do procedemento de mobilidade interna convocado por Resolución do 10 de marzo de 2021.

Por tanto, unha vez realizada a adxudicación das prazas de mobilidade interna correspondentes ao ciclo do ano 2020, faise preciso por en marcha o procedemento descrito na Base Novena da convocatoria, para o que resulta necesario proceder da seguinte maneira:

1. Como Anexo á presente Resolución publícase a relación provisional de prazas a ofertar no proceso de reubicación.
2. Os/as profesionais das categorías de Técnico/a en Coidados Auxiliares de Enfermaría, Enfermeiro/a Especialista en Enfermaría Obstétrico-Xinecolóxica e Fisioterapeuta, que teñan tomado posesión da súa praza como consecuencia das resolucións da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde do 21 de maio de 2021, que desexen participar no procedemento de reubicación, deberán manifestar a súa vontade, aportando para tal efecto, a praza que veñan ocupando.

O prazo para manifestar a súa intención de participar no proceso de reubicación rematará o venres día 22 de outubro. A intención de participación manifestarase a través do procedemento que se comunique vía correo electrónico desde o Espazo do Profesional.

3. Os/as profesionais con vínculo de interinidade en praza vacante ou de substitución de titular con dereito a reserva de longa duración que leven desempeñando as súas funcións na mesma Unidade por un período mínimo de cinco anos, que desexen participar no procedemento de reubicación, deberán manifestar a súa vontade, aportando, para tal efecto, a praza que veñan ocupando.

O prazo para manifestar a súa intención de participar no proceso de reubicación rematará o venres día 22 de outubro. A intención de participación manifestarase a través do procedemento que se comunique vía correo electrónico desde o Espazo do Profesional.

4. Rematados os procesos sinalados nos apartados 2 e 3, procederase a ofertar as prazas aportadas polos profesionais que teñan manifestado a súa vontade de participación no proceso, xunto coas indicadas no apartado 1.

5. Os criterios de adxudicación serán os seguintes:

5.1. Persoal propietario que teña que saír dunha unidade, por mor da incorporación de persoal adxudicatario, de maior a menor antigüidade como propietario no SNS. De producirse empate, polo



tempo de servizos prestados como persoal temporal (interino/eventual) e, de continuar persistindo o empate, en favor do profesional de maior idade.

5.2. Persoal propietario que teña tomado posesión da súa praza como consecuencia das resolucións da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde do 21 de maio de 202 (só para as categorías de Técnico en Coidados Auxiliares de Enfermaría, Enfermeiro/a Especialista en Enfermaría Obstétrico-Xinecolóxica e Fisioterapeuta), segundo a súa puntuación total no concurso-oposición do que deriva a súa toma de posesión.

5.3. Persoal temporal que teña que saír dunha Unidade e persoal con nomeamento interino en praza vacante ou substituto de titular con dereito á reserva de longa duración que leve desempeñando as súas funcións na mesma Unidade por un período mínimo de cinco anos, segundo a súa orde de prelación na vixente listaxe de selección de persoal estatutario temporal da categoría de que se trate, tendo preferencia os/as profesionais de lista de promoción interna sobre os/as de quenda libre.

DILIXENCIA:

Para facer constar que con esta mesma data procédese á publicación da presente Resolución.

A Coruña, 18 de outubro de 2021
O DIRECTOR DE RR.HH.

Asdo.: Javier Fernández Nistal



A Coruña, 18 de outubro de 2021
O XERENTE DA ÁREA SANITARIA DA
CORUÑA E CEE



Asdo.: Luis Verde Remeseiro